



**BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS  
PARA GASTOS DE COMEDOR ESCOLAR DO CONCELLO DE CEE.  
CURSO 2017-2018**

1. Definición e obxecto das axudas.
2. Requisitos esixidos.
3. Documentación necesaria.
4. Emendas
5. Procedemento de solicitude
6. Procedemento de baremo
7. Comisión de Baremo
8. Funcións da Comisión de baremo
9. Prazo de presentación de solicitudes
10. Valoración de solicitudes e contía das axudas
11. Partida orzamentaria e contía total da subvención
12. Sancións e infraccións
13. Resolución e pagamento das axudas
14. Causas de baixa
15. Disposición final

**1. DEFINICIÓN E OBJETO DAS AXUDAS**

O obxecto desta convocatoria, que se encadra dentro do ámbito das prestacións dos servizos sociais é contribuír a paliar os gastos que xera nas familias residentes no Concello de Cee e en situación de vulnerabilidade, o pagamento de gastos de comedor escolar dos cursos de educación primaria e ESO, mediante o abono de todo ou parte dos gastos de comedor escolar.

Quedan excluídos os alumnos de centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan os niveis de ensino obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil, que se poidan beneficiar da subvención ou gratuidade do mesmo ao abeiro do Decreto 10/2007 do 25



de Xaneiro polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e demais normativa de desenvolvemento.

## **2. REQUISITOS ESIXIDOS**

Son requisitos de carácter obrigatorio:

- a) Ser pai/nai/titor legal ou gardador de feito dun alumno/a que estea matriculado para o curso 2017/2018 nun dos cursos obxecto da bolsa. No caso de ser gardador de feito, xustificarse documentalmente.
- b) Que a persoa solicitante da beca e o alumnado beneficiario desta bolsa, estean empadroados e residan no termo municipal de Cee cunha antelación dun ano inmediatamente anterior á data da solicitude. O/a menor para o cal se solicita a axuda ten que vivir coa persoa solicitante, sendo preciso acreditarlo con un certificado de empadramento. No caso de que non se puidera acreditar con dito certificado, sería necesario un informe socio-familiar ou informe de convivencia (segundo se considere necesario), elaborado polo técnico correspondente.
- c) Estar ao corrente coas obrigas tributarias do Estado, da CCAA, do Concello de Cee, e da Seguridade Social.
- d) Non estar incurso en causas de prohibición contractual de conformidade co establecido nas leis referidas.
- e) Non desfrutar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou análoga finalidade outorgadas por organismos e institucións públicas ou privadas.
- f) E cumprir polo menos, un dos seguintes puntos:
  - 1) Pertencer a unidades familiares que se atopan en situación de vulnerabilidade/ exclusión social acreditada mediante informe técnico dos servizos sociais.
  - 2) Atoparse en situación de acollemento residencial ou familiar.
  - 3) Que o pai/nai/titor/gardador ou o/a alumno/a solicitante da bolsa teña discapacidade valorada igual ou superior ao 33% ou dependencia valorada



- 4) Pertencer a unidades familiares vítimas de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- 5) Ter a consideración de familia monoparental
- 6) Pertencer a unidades familiares cunha renda per cápita mensual inferior ao IPREM (IPREM 2017= 537, 84 €/mes).

**Renda Familiar:**

Enténdese por “renda per cápita mensual” o resultado de dividir polo número de membros computables da unidade familiar (u.f.) o cociente resultante de dividir entre 12 meses a suma dos ingresos totais da u.f.. É dicir, o resultado de aplicar as seguintes fórmulas:

*Ingresos totais anuais dos membros computables á da u.f. /12 = ingresos totais da u.f.*

*Ingresos totais mensuais da u.f / nº membros da u.f. = renda per cápita mensual*

A renda per cápita obtérase da base imponible e do aforro da declaración da renda; no caso de non facer declaración da renda, o dato obtérase da documentación xustificativa de ingresos do ano anterior segundo se recolle no apartado “Documentación”

**Unidade familiar:**

Entenderase por “unidade familiar”, aos efectos de valoración de solicitudes, a formada polos cónxuxes non separados legalmente e no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais e nais, vivan independentes destes, e os fillos ou fillas maiores de idade e menores de 26 anos cunha discapacidade superior ao 33% ou dependencia valorada, e os incapacitados xudicialmente.

**Gardador de Feito:** Considérase a aquela persoa que conviva e se faga cargo, de xeito temporal ou definitivo, do menor, sen ser o seu titor legal.

### **3. DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

- a) Modelo oficial de solicitude.
- b) Copia do DNI/NIE/ pasaporte da persoa solicitante (pai/nai,titor/a ou gardador de feito) e do cónxuxe, se é o caso.
- c) Copia do convenio regulador en caso de separación ou divorcio. Así mesmo, no caso de gardador de feito ou titor, xustificación documental que acredite dita condición.
- d) Copia do libro de familia.



- e) No caso de familias numerosas: copia do título de familia numerosa en vigor, ou acreditación de que cumpren os requisitos para ser considerados familia numerosa.
- f) Certificado de minusvalía, se é o caso, ou certificado de valoración de dependencia.
- g) Certificado de empadramento colectivo do solicitante.
- h) Verificación documental da situación de parella de feito, de ser o caso
- i) Certificado da Seguridade Social que acredite a non existencia de débedas coa mesma (dos maiores de idade da u.f.)
- j) Certificado da Axencia Tributaria que acredite a non existencia de débedas coa mesma (dos maiores de idade da u.f.)
- k) Certificado da Xunta de Galicia que acredite a non existencia de débedas coa mesma (dos maiores de idade da u.f.).
- l) Declaración da renda do último exercicio fiscal.
- m) Só no caso de non facer declaración de renda, aportarase certificación negativa con imputación de rendas expedida pola Axencia Tributaria, máis:
  - a. Xustificantes de ingresos do ano inmediatamente anterior á solicitude:
    - I. No caso de persoas en situación de desemprego: Tarxeta de demandante de emprego e certificación do SEPE onde conste se está percibindo ou non algún tipo de subsidio.
    - II. No caso de persoas en activo: nóminas do ano anterior ou certificado de empresa
    - III. No caso de profesionais autónomos: acreditación dos pagamentos fraccionados do ano anterior
    - IV. No caso de pensionistas: Certificado do INSS do importe actual da pensión. No caso de pensións non contributivas: certificación da Xunta de Galicia. No caso de pensións percibidas do estranxeiro: xustificantes bancarios.
    - V. Certificación bancaria de todas as contas das que sexan titulares ou cotitulares as nais/pais ou titor/es/as onde figuren os rendementos de capital.
    - VI. Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar é preciso informe técnico dos servizos sociais



municipais. Así mesmo é preciso este informe nos casos en que, por distintas razón, non se poidan acreditar as rendas dos país/titores/gardadores con escasos recursos.

- VII. Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo.

De carecer dalgúns documentos do apartado 3, será necesario presentar calquera outro documento que acredite oficialmente a situación familiar ou económica segundo proceda.

Así mesmo, e de carecer de verificación documental dalgunha das incidencias alegadas, poderase presentar informe dos Servizos Sociais do Concello de Cee

A Comisión de Baremo poderá solicitar calquera documentación complementaria que considere necesaria para a clarificación das circunstancias alegadas.

#### **4. EMENDAS**

No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos, o Concello requirirá á parte interesada para que, nun prazo de 10 días, emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo de resolución en tal senso.

No caso de que o número de solicitantes que cumpran os requisitos para a súa concesión excedese a cantidade orzamentaria,, concederase por orde de puntuación acadada. En caso de empate, darase preferencia ás unidades familiares con menor nivel de renda. En caso de empate no nivel de renda, terán preferencia as que teñan maior número de fillos menores a cargo, e en igualdade de condicións neste punto, atenderase á data de presentación da solicitude.

#### **5. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE**

As solicitudes formalizaranse por escrito en modelo normalizado dirixido ao Alcalde/Concelleira Delegada achegando a documentación sinalada nestas bases.



## **6. PROCEDEMENTO DE BAREMO**

Recibida a instancia coa documentación procederáse, pola Comisión de baremo, á comprobación dos datos aportados.

Se as solicitudes non estivesen debidamente cumprimentadas ou se acompañasen da documentación esixida, procederáse segundo o recollido no apartado 4.

Se a solicitude presentada cumpre cos requisitos esixidos nestas bases e, segundo o procedemento que se fixa, a comisión de baremo nomeada ao efecto (composta polos membros que se especifican nestas bases) realizará a avaliación das solicitudes segundo baremo e ditará informe-proposta. No informe- proposta poranse de manifesto os datos do/a solicitante, a resolución proposta e indicaranse as incidencias e/ou peculiaridades da concesión, se as houberse.

A resolución corresponderá ó Alcalde/ Concelleira Delegada.

Contra a denegación da solicitude a persoa interesada poderá interpor os recursos e reclamacións estipulados na lexislación vixente.

As solicitudes poderán desestimarse polos seguintes motivos:

- Presentar a solicitude fóra de prazo.
- Non entregar a documentación requirida polos servizos administrativos.
- Non cumprir os requisitos esixidos.
- Por renuncia, por escrito do/a solicitante.

Posterior ao informe da Comisión de Baremo, o expediente someterase a informe de intervención, previos á resolución de Alcaldía ou, no seu caso, da Concelleira Delegada. A resolución notificarase aos interesados. En caso de urxencias motivadas, están serán valoradas pola Comisión de Baremo, que emitirá informe-proposta para a correspondente resolución.

## **7. COMISIÓN DE BAREMO**

A Comisión de Baremo estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: Concelleira da área de Servizos Sociais ou persoa na que delegue.
- Secretario/a: Funcionario/a, persoal laboral ou persoa na que delegue.
- Vogais:



- 2 técnicas/os do equipo de Servizos Sociais Municipais

A Presidencia da Comisión poderá solicitar asesoramento dos técnicos municipais se así o considera oportuno.

## **8. FUNCÍONS DA COMISIÓN DE BAREMO**

- Garantir o bo funcionamento na aplicación destas bases
- Valoración das solicitudes e elaboración do informe-proposta
- Requirir aos solicitantes a documentación adicional que se precise para a xustificación das situacións e circunstancias derivadas
- Informar as reclamacións que no seu caso se presenten

## **9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A publicación das presentes bases farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cee, na web do Concello e anunciarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, de acordo co establecido na Base Nacional de Subvencións.

O prazo de solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación das bases da convocatoria no BOP.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as bases da convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado polo Concello, dentro do prazo establecido no rexistro municipal do Concello de Cee, en horario de luns a venres de 9:00h a 13:30h. Ademais, poderán presentar a través de calquera medio contido na Lei 39/2015 de 1 de outubro e demais normativa de desenvolvemento. No caso de presentacións de solicitudes por correo ordinario, o/a solicitante terá que comunicalo dentro do prazo establecido, vía fax ao rexistro municipal do Concello de Cee (fax: 981746757).



## 10. VALORACIÓN DE SOLICITUDES E CONTÍA DAS AXUDAS

Ademais do cumprimento dos requisitos obrigatorios establecidos no punto 2, será imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

Pertencer a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de vulnerabilidade/ exclusión social acreditada mediante informe dos servizos sociais.	5 puntos
Atoparse en situación de acollemento residencial ou familiar ou en trámite.	2.5 puntos
Ter un grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 por cento.	2.5 puntos
Pertencer a unidades familiares vítimas de violencia de xénero acreditada documentalmente.	2.5 puntos
Pertencer a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7000€.	5 puntos
Ter a consideración de familia monoparental	2.5 puntos

A contía da bolsa será o importe total ou parcial do comedor escolar. O inicio do pagamento estará supeditado á data da resolución da concesión das bolsas.

## 11. PARTIDA ORZAMENTARIA E CONTÍA TOTAL DA SUBVENCIÓN

A partida orzamentaria á que se imputarán os gastos derivados da concesión das axudas é a 231/481.00, cun crédito máximo de 8950€.



A concesión queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio do 2018 constatándose a existencia de crédito para o exercicio corrente.

## **12. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Será aplicable o Título IV, capítulo I da Lei xeral de subvencións (38/2003 de 17 de novembro).

## **13. RESOLUCIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS**

A relación de solicitudes, coa puntuación e a resolución correspondente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello ([www.concellocee.es](http://www.concellocee.es)).

As reclamacións presentarase nas datas especificadas a tal efecto nestas bases, acompañadas da documentación que se considere necesaria. Unha vez resoltas as reclamacións, procederase á publicación da relación definitiva de concesión das axudas, coa puntuación obtida en casa caso.

A modalidade do pagamento das axudas concedidas será mediante pagamento directo do Concello de Cee ao centro escolar.

## **14. CAUSAS DE EXTINCIÓN DA AXUDA**

Poderase extinguir o dereito á percepción da axuda para gastos de comedor escolar polas seguintes causas:

- Renuncia voluntaria formulada pola persoa solicitante presentada no Concello.
- Falta de uso do servizo durante 15 días lectivos continuados ou 30 días alternos sen previo aviso nin causa xustificada. En todo caso, as ausencias xustificadas non poderán ser superiores a 2 meses, polo que, transcorrido dito prazo darase de baixa definitiva ou xustificarse a permanencia con informes preceptivos que correspondan
- Perda da condición de veciño do termo municipal, comprobada mediante Padrón Municipal.



- Calquera cambio nas condicións que deron lugar á adxudicación da praza e que supoñan unha variación substancial destas. Se esta situación se produce, debe notificarse de inmediato para a valoración da nova situación.
- Por incumprimento reiterado das normas do comedor escolar.
- Por comprobación de ocultación ou falsidade nos documentos ou datos achegados.
- Cando non se entregue documentación para a revisión/clarificación de datos nos prazos legalmente establecidos ao efecto previo requirimento expreso pola entidade municipal.

Cada caso será valorado pola Comisión de baremo, que escoitará ás partes e analizará a documentación que se achegue ao respecto. A decisión será elevada ao alcalde /concelleira Delegada, que, en todo caso, resolverá.

## **15. PROCEDIMIENTO DE REINTEGRO DE AXUDAS PERCIBIDAS**

No caso de que con posterioridade ó pago dunha axuda se descubra que o beneficiario non se atopaba nas condicións necesarias para acceder a elas, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que desen lugar.

## **16. DISPOSICIÓN FINAL**

En todo aquilo que non se regule expresamente nestas bases, rexeráse polas disposicións xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións e o resto de normativa reguladora de subvencións.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

En Cee, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo: Pilar Iglesias Lema.

Concelleira Delegada de Presidencia, Benestar Social Igualdade e Emprego do Concello de Cee.

